

BASES XV CONCURSO DE TAPAS DE LUGO

1. PARTICIPANTES:

Poderán concursar todos os establecementos de hostalería do Concello de Lugo que estean inscritos no Rexistro de Establecementos e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (REAT).

2. COTA DE INSCRIPCIÓN:

A cota de inscrición no concurso será de **100,00 € para os asociados de APEHL** (que estén ó día no pagamento das cotas e sexan asociados antes do día 1 de xaneiro de 2019 e os asociados que non teñan esta antigüidade pagarán a cuota de 100 € por ser asociados máis as cotas dos meses que non figuren dados de alta desde xaneiro ata a data de alta como asociado), e de **300,00 € para os que non estean asociados na APEHL**.

As cotas irán destinadas á organización do concurso.

3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN:

- A. Cada establecemento participará cunha única tapa. Na ficha técnica indicárase o nome da tapa e a súa descrición, acompañada da fotografía da tapa que se vai a servir durante o concurso.
- B. O prezo de venta ao público terá un valor a criterio do hostaleiro que será entre 1,00 € e 3,00 €.
- C. Os establecementos inscritos deberán expoñer ó público o cartel que se lle facilite co nome da tapa coa que participen e o prezo da mesma.
- D. As tapas deberán estar dispoñibles para o público **como mínimo de 13:00 a 15:30 horas e de 20:00 a 22:30 horas**.
- E. Con cada tapa servida entregárase un **único cupón de votación co selo correspondente** de cada establecemento.

F. As categorías de valoración serán as seguintes:

- Xurado popular:
 - Gañador do Concurso (Tapa máis votada polo público)
- Xurado técnico
 - Primeiro premio
 - Segundo premio
 - Terceiro premio
 - Posibles maridaxes (Estrella Galicia, Ribeira Sacra, etc...)

G. Entregaráselle a cada establecemento:

- Cartel identificativo como participante do concurso.
- Urna de depósito de votos.
- Cupóns de votacións.
- Selo e tinta.
- Folletos publicitarios, válidos tamén como pasaportes.

Os establecementos gañadores do Concurso de Tapas das cinco últimas edicións, irán destacados no folleto informativo.

4. DESENROLO DO CONCURSO:

4.1. INSCRICION:

O prazo de inscrición será do 27 de xuño ao 16 de xullo (ambos inclusive):

- E-Mail: comunicacion@apehl.org
- Nas oficinas desta Asociación: Rúa Ramón Montenegro, 15 entlo Lugo, en horario de 9:00 h. a 14:00h

No momento da inscrición presentárase a **ficha de inscrición**, a **ficha técnica da tapa**, o **xustificante de pago** e a **fotografía da tapa**.

A fotografía debe ser da máxima calidade e as características mínimas admisibles son: 210 mm x 150 mm con resolución de 300ppp.

4.2. FASES DO CONCURSO:

- CONCURSO: desenvolverase desde o día **6 ao 22 de setembro de 2019**, ambos inclusive.
- FINAL DO CONCURSO: Nesta fase só participarán os **12 establecementos máis votados polo público** e terá lugar os días **27, 28 e 29 de setembro de 2019**.

4.3. RECONTO DE VOTOS:

Os días 22 e 23 de setembro membros da APEHL recollerán as urnas dos distintos establecementos participantes, en función do día de peche do establecemento.

O día 23 de setembro procederase ao recuento de votos na sede de APEHL e determinaranse os 12 establecementos finalistas. Ao recuento poderán asistir os interesados.

O gañador do concurso e as valoracións do Xurado Técnico daranse a coñecer durante as festas do San Froilan, polo que ese día deberán asistir todos os participantes do concurso para coñecer o resultado do mesmo.

O día facilitado polo Concello comunicarase coa antelación suficiente por e-mail.

5. VALORACIÓNS:

Xurado Popular: Estará formado polos consumidores das tapas do concurso, mediante os seus votos.

Será o voto válido cando o cupón de votación esté **perfectamente cuberto e selado por un establecemento** participante no concurso. O consumidor poderá valorar a tapa de 1 a 5 puntos, sendo 1 a puntuación máis baixa e 5 a máis alta.

A valoración final será a media do número de puntos obtidos entre o número de votos emitidos.

Os cupóns de votacións que non teñan todos os datos esixidos serán nulos.

O Xurado Popular decidirá a **tapa gañadora do concurso e os 12 finalistas**.

Xurado Técnico: Estará formado por un equipo de profesionais designados pola organización e relacionados co sector.

O Xurado Técnico, visitará entre os días 27, 28 e 29 de setembro, sen previo aviso, ós 12 finalistas eleixidos polo xurado popular.

O Xurado Técnico decidirá o primeiro premio, segundo premio, terceiro premio e os posibles maridaxes (Estrella Galicia, Ribeira Sacra etc...).

O primeiro premio outorgado polo xurado técnico será o establecemnto que nos represente nos posibles concursos aos que nos poidan convidar.

6. FINAL DO CONCURSO:

Nesta fase, **os días 27, 28 e 29 de setembro, os 12 establecementos finalistas deberán ter as tapas dispoñibles para o público como mínimo de 13:00 a 15:30 horas e de 20:00 a 22:30 horas.** Os clientes poderán degustar as tapas pero **non poderán votar.**

O Xurado Técnico (que irá debidamente identificado) percorrerá sen previo aviso os 12 establecementos finalistas. Ditos establecementos non cobrarán o importe da consumición e tapa ós membros do xurado.

7. PROTECCIÓN DE DATOS:

Infórmase que a Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo (en diante APHEL) cumpre coa normativa vixente de protección de datos.

Os datos persoais que se inclúan na ficha de inscrición facilitada por APEHL serán empregados para xestionar o concurso e a entrega dos premios, así como dar publicidade á imaxe e nome dos gañadores nos medios de comunicación, páxina web e redes sociais, dando o interesado o consentimento expreso e explícito para cada unha das finalidades indicadas no momento que se cumprimente e entregue a ficha de inscrición.

APEHL poderá autorizar a terceiros, que actuarán como encargados de tratamento coas mesmas finalidades e poder xestionar o correcto desenvolvemento da presente promoción, para ampliar esta información; así como outros puntos da normativa pode solicitar o ANEXO DE PRIVACIDADE.

Calquera interesado poderá exercer os seus dereitos, solicitándoo en C/ Ramón Montenegro, 15 Entlo. 27002 Lugo, presentar unha reclamación ante calquera autoridade de control, así como a retirar o consentimento que nos fora outorgado nalgunha finalidade específica.

Todos os datos solicitados na ficha de inscrición, incluída a imaxe do gañador, son necesarios para a realización do tratamento sendo un requisito necesario para a participación no concurso, en caso de non facilitalos ou non autorizar ao seu uso pode dar lugar a posibles consecuencias, se os gañadores opóñense a algunha das finalidades detalladas anteriormente, APEHL resérvase o dereito de non realizar a entrega do premio e perderán o dereito para recibilo.

O incumprimento de calquera dos puntos anteriormente relacionados será motivo de exclusión deste concurso.